



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

PROCEDEMENTO: PROCESO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOSA DE EMPREGO PARA CUBRIR AS POSIBLES VACANTES NO POSTO DE CONSERXE DO CEIP DE CARNOTA

ACTA Nº 3

Ás 10:00 horas do día 13 de outubro de 2021, reúnen-se os seguintes membros do Tribunal designado para o proceso que se expresa no encabezamento e que a continuación se relacionan:

- D. José Antonio Maceiras Martínez, presidente.
- D.^a María José Lago Freire, vogal.
- D. Inocencio Álvarez Lago, vogal.
- D. José Manuel Figueira Freire, vogal.
- D.^a María Dolores Maceiras Martínez, secretaria.

O obxecto da presente sesión é resolver as alegacións presentadas e publicar, por orde de puntuación, a relación definitiva das persoas aprobadas que conformarán a listaxe, e elevar esta proposta ao alcalde do Concello de Carnota para a súa aprobación, en base aos seguintes antecedentes:

O 23 de setembro de 2021, conforme ao establecido na base 7^a da convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir as posibles vacantes no posto de conserxe do CEIP de Carnota, fíxose pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carnota e na web municipal.

Deuse un prazo de cinco días coa finalidade de que os/as aspirantes puidesen presentar as alegacións que considerasen oportunas.

A tal efecto presentaron escrito de alegacións os/as seguintes aspirantes:

-D. Felipe Suárez Rama impugna na súa totalidade a segunda proba do proceso selectivo, pois, ao seu xuízo, a mesma non se axustaba as súas bases e por falta de claridade no sistema de calificación das preguntas da proba.

-D. Jesús Ramón Quintáns Romero impugna as respostas asignadas polo Tribunal ás preguntas 6, 22,33 e 37 da primeira proba do proceso selectivo, polas razóns que se expoñen no seu escrito.

-D.^a María Senande Caamaño impugna as respostas asignadas polo Tribunal ás preguntas 22 e 37 da primeira proba do proceso selectivo, polas razóns que se expoñen no seu escrito; así mesmo, impugna na súa totalidade a segunda proba do proceso selectivo, pois, ao seu xuízo, a mesma non se axustaba as súas bases, nin á Lei de Emprego Público de Galicia.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

-D.^a María del Carmen Romero Castro impugna as respostas asignadas polo Tribunal ás preguntas 12,22 e 37 da primeira proba do proceso selectivo, polas razóns que se expoñen no seu escrito; así mesmo, en relación coa segunda proba do proceso selectivo, solicita unha corrección clara e axustada á súas bases.

-D. Ubaldo Manuel Ponte Mayán impugna as respostas asignadas polo Tribunal ás preguntas 22, 37 e 40 da primeira proba do proceso selectivo, polas razóns que se expoñen no seu escrito; así mesmo, en relación coa segunda proba do proceso selectivo, solicita a puntuación e as respostas correctas da mesmas.

Os/as aspirantes presentaron as súas alegacións en forma de recurso de alzada contra o anuncio da relación de aprobados, pese a que, ao ter carácter provisional, non cabe tal recurso, senón, exclusivamente, alegacións, tanto en relación cos criterios fixados, como respecto ás puntuacións asignadas. Así se indica con claridade no propio anuncio.

Procédese, para favorecer os dereitos dos/as aspirantes, a dar a estes escritos o tratamento de alegacións fronte á listaxe provisional de aprobados, e como tal, o tribunal acorda dar respostas as mesmas, realizándoo de forma conxunta, pois os argumentos dos/as alegantes son similares en moitos casos:

PRIMEIRO EXERCICIO.

Con respecto ás impugnacións formuladas fronte as respostas asignadas polo Tribunal a diversas preguntas da primeira proba do proceso selectivo:

-Pregunta 6. A pregunta di así : “*O abandono do servizo sen xustificación dá lugar a:*”

O Tribunal considerou que a resposta correcta debía ser a D. “*Falta moi grave*”.

Don Jesús Ramón Quintáns Romero considera que esta pregunta debe ser anulada, pois non forma parte do temario, en concreto do tema 8.

Esta alegación rexeitase porque o tema 8 do temario da convocatoria refírese con carácter xeral a “*A función pública local: clases de persoal. Dereitos e deberes. O acceso ao emprego público. Sistema de ingreso*”.

É evidente que o réxime disciplinario, como reverso dos deberes dos empregados públicos, forma parte deste tema. En ningún momento figura unha referencia expresa a un título concreto ou a unha parte da Lei de Emprego Público de Galicia.

En consecuencia, a pregunta está correctamente formulada e forma parte das materias incluídas no temario, polo que debe manterse, rexeitando as alegacións do aspirante.

-Pregunta 12. A pregunta di así : “*Si vamos a realizar fotocopias sen servirmos do alimentador recirculante de orixinais, como deixaremos a cuberta superior da máquina*”.

O Tribunal considerou que a resposta correcta debía ser a B, “*Pechada*”



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

D.^a María del Carmen Romero Castro considera que a resposta correcta debe ser a C (*"Necesariamente aberta"*), pois para poñer o orixinal sobre o cristal primeiro hai que abrir a cuberta.

Esta alegación debe ser rexeitada porque o propio tenor da pregunta fai referencia ao momento final do proceso, o de realizar a fotocopia, que debe facerse coa cuberta pechada.

En consecuencia, a resposta sinalada polo Tribunal é correcta, polo que debe manterse, rexeitando as alegacións da aspirante.

-Pregunta 22. A pregunta di: *"A Lei de Riscos Laborais define como "Risco Laboral"*

O Tribunal considerou que a resposta correcta debía ser a D *"As respostas A e B son correctas"*

A resposta A é *"A posibilidade de que un/ha traballor/a sufra un determinado dano derivado do traballo"*; e a B *"Toda condición do traballador que pode dar lugar a un accidente e/ou unha enfermidade profesional"*

Todos/as alegantes, excepto D. Felipe Suárez Rama, consideran que a resposta correcta debe ser a A, pois esta é a definición que figura no artigo 4.2º da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais.

Esta alegación acéptase porque efectivamente, o artigo 4.2º establece que *"a efectos da presente Lei e das normas que a desenrolan: 2ª Se entenderá como "risco laboral" a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo"*

En consecuencia, a resposta inicialmente sinalada polo Tribunal non é correcta, e debe ser substituída pola A.

-Pregunta 33. A pregunta 33 di: *"Cantas escolas unitarias, en funcionamento, hai no termo municipal?"*

O Tribunal considerou que a resposta correcta debía ser a D, *"ningunha"*.

D. Jesús Ramón Quintáns Romero considera que esta pregunta debe ser anulada, pois considera que a resposta correcta deber vir determinada por documentos oficiais, e non por coñecementos veciñais ou periodísticos.

Esta alegación rexeitase porque o tema 6 do temario da convocatoria refírese a *"Centros educativos, instalacións e servizos no termo municipal de Carnota"*; é evidente que o aspirante ten obrigação de coñecer todos aqueles aspectos incluídos no temario, neste caso, o número e tipo de centros educativos (escolas unitarias, IES, CEIP...) que puideran existir no Concello de Carnota.

En consecuencia, a pregunta está correctamente formulada e forma parte das materias incluídas no temario, polo que debe manterse, rexeitando as alegacións do aspirante.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

-Pregunta 37. A pregunta di: *“Correspóndelle á Xunta de Goberno Local”*.

O Tribunal considerou que a resposta correcta debía ser a B, *“As atribucións que o/a alcalde/sa ou órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis”*.

Todos os alegantes, excepto D. Felipe Suárez Rama, consideran que a resposta correcta debe ser a D (*“Son correctas a A e a B”*), pois así resulta do artigo 23.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta alegación deber ser aceptada porque efectivamente, o artigo 23.2 establece que *“corresponde á Xunta de Goberno Local: a) A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións. b) As atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis”*; estas dúas mencións correspóndense literalmente coas respostas A e B.

En consecuencia, a resposta inicialmente sinalada polo Tribunal non é correcta, e debe ser substituída pola D.

-Pregunta 40. A pregunta di: *“En que consiste o servizo de reprografía?”*.

O Tribunal considerou que a resposta correcta debía ser a C, *“Realizar fotocopias, controlar os recambios, atender ás incidencias no funcionamento de maquinaria”*

Don Ubaldo Manuel Ponte Mayán considera que a resposta correcta debe ser a D (*“Ningunha das anteriores é correcta”*), pois considera que a reprografía non só se refire a fotocopiadoras, se non tamén á dixitalización de documentos en soporte dixital.

Esta alegación debe ser rexeitada porque o servizo de reprografía inclúe todas as actividades recollidas na resposta C, e ningunha das reseñadas nas A e B; o feito de que o servizo de reprografía poida incluír outras actividades non fai que as indicadas na resposta C non formen parte do mesmo.

En consecuencia, a resposta sinalada polo Tribunal é correcta, polo que debe manterse, rexeitando as alegacións do aspirante.

SEGUNDO EXERCICIO.

En relación ao segundo dos exercicios, D. Felipe Suárez Rama e D.^a María Senande Caamaño impugnan a súa totalidade a segunda proba do proceso selectivo, pois, ao seu xuízo, a mesma non se axustaba ás súas bases e por falta de claridade no sistema de cualificación das preguntas da proba; D.^a María del Carmen Romero Castro solicita unha corrección clara e axustada ás súas bases; e D. Ubaldo Manuel Ponte Mayán solicita a puntuación e as respostas correctas da mesma.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

O Tribunal acorda responder conxuntamente a estas alegacións, pois descansan nun mesmo fundamento.

A base sexta da convocatoria, en relación co segundo exercicio, establece o seguinte:

“Consistirá na proba teórico-práctica, referente ás funcións de conserxe de colexios, realizando o tribunal cualificador tres preguntas curtas relacionadas co exercicio e cos temas 9 ao 13 do temario.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

O Tribunal cualificador cualificará o exercicio e valorará a formación xeral, a claridade e a calidade de expresión escrita, a forma de presentación e a exposición, a orde de ideas e a capacidade de síntese do/da aspirante, así como o coñecemento da materia”.

Estas bases non foron impugnadas no seu momento e son a norma pola que debe rexerse o proceso selectivo. E conforme ás mesmas, o Tribunal actuou de forma correcta, pois valorou globalmente os exercicios de todos os aspirantes, aplicando os criterios contidos na ditas bases.

Ningún/ha dos/as aspirantes manifesta nas súas alegacións a existencia dunha valoración inxusta ou arbitraria do seu exercicio, senón unha impugnación xenérica do modelo e tipo de exame, cando elo é obxecto da convocatoria; e, como xa se dixo, a convocatoria non foi impugnada no seu momento, sendo polo tanto un acto consentido e firme.

Polo exposto, o Tribunal acorda:

-Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Jesús Ramón Quintáns Romero, D.^a María Senande Caamaño, D.^a María del Carmen Romero Castro e D. Ubaldo Manuel Ponte Mayán, en relación coas seguintes preguntas da primeira proba do proceso selectivo:

- a) A resposta á pregunta 22 inicialmente sinalada polo Tribunal (a D) non é correcta, e deber ser substituída pola A.
- b) A resposta da pregunta 37 inicialmente sinalada polo Tribunal (a B) non é correcta, e debe ser substituída pola D.

-Desestimar o resto de alegacións formuladas polos/as aspirantes.

-Recalcular as puntuacións en función da estimación parcial das alegacións.

-E de conformidade coa base oitava da convocatoria, rematada a avaliación dos/as aspirantes e consideradas as reclamacións presentadas, vistas e informadas, faise pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello, elevando á alcaldía a acta do proceso



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

selectivo para que se aprobe a constitución da bolsa coa orde de prelación definitivo de aspirantes.

RELACIÓN DEFINITIVA DE APROBADOS/AS POR ORDE DE PUNTUACIÓN

Nº de orde	Apelidos e Nome	Puntuación 1ª proba	Puntuación 2ª proba	Total
1	Rodríguez López, María Manuela	8,25	8,50	16,75
2	Quintáns Romero, Jesús Ramón	9,50	7,00	16,50
3	Romero Castro, María del Carmen	9,00	7,00	16,00
4	Fiuza Barreiro, Jorge Antonio	6,75	8,50	15,25
5	Senande Caamaño, María	8,50	6,00	14,50
6	Carballo Castro, José Antonio	7,00	7,50	14,50
7	Suárez Rama, Felipe	9,00	5,00	14,00
8	Señorís Carballo, María Cruz	7,50	6,00	13,50
9	Ponte Mayán, Ubaldo Manuel	7,50	6,00	13,50
10	Vázquez Blanco, María Manuela	6,50	7,00	13,50
11	Otero Rey, Rafael	6,75	6,50	13,25
12	Fernández Lariño, Leopoldo	6,25	6,50	12,75
13	Sieira Martínez, Plácida	7,00	5,00	12,00
14	Pais Martínez, Domingo	6,50	5,00	11,50
15	Beiro Agulleiro, Fernando	5,50	5,00	10,50

O tribunal fai constar que recalculados os exames da primeira proba dos/as aspirantes inicialmente excluídos quedan igualmente excluídos ao non acadar a puntuación mínima en algunha das probas para superar o proceso.

En canto ao empate existente nas puntuacións obtidas por D. María Cruz Señorís Carballo e D. Ubaldo Manuel Ponte Mayán, vistas as bases da convocatoria o tribunal acorda que o número de orde asignouse en base á maior número de respostas ben no exame tipo test.

Contra este acto poderá interpoñerse recursos de alzada ante o alcalde no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 121 e 122 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

O Presidente dá por rematada a reunión ás 14:30 horas. E para que quede constancia do tratado, eu, a Secretaria, redacto acta que someto á sinatura do Presidente e Vogais presentes; dou fe.